

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 2 DE SETEMBRO DE 2019.

PRESIDENTA:
O alcaldesa en funcións, D.^a M^a
Guadalupe Pombo Carril

ASISTENTES:
D. Diego Antonio Taibo Monelos
D.^a Marta M^a Figueroa Fuentes
D. Juan Carlos Iglesias Lovelle
D. Carlos Liñares Gestal
D.^a Yessica Méndez Sánchez

NON ASISTE:
D.^a Marta M^a Iglesias Becerra

INTERVENTOR ACCIDENTAL:
D.^a Roberto Babío Fernández

SECRETARIA XERAL:
D.^a Pilar M^a Pastor Novo

Na Casa Consistorial do Concello de Culleredo (A Coruña), sendo as catorce horas do día dous de setembro do ano dous mil dezanove, reúnese a Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria, co obxecto de celebrar sesión ordinaria baixo a Presidencia do Sra. alcaldesa en funcións, D.^a M^a Guadalupe Pombo Carril (resolución da alcaldía do día dous de setembro de dous mil dezanove), e coa asistencia dos/as Sres./as concelleiros/as, D. Diego Antonio Taibo Monelos, D.^a Marta M^a Figueroa Fuentes, D. Juan Carlos Iglesias Lovelle, D. Carlos Liñares Gestal e D.^a Yessica Méndez Sánchez.

Non asiste á sesión a Sra. concelleira D.^a Marta M^a Iglesias Becerra.

Asiste á sesión o Sr. interventor accidental, D. Roberto Babío Fernández.

Actúa como secretaria a Sra. secretaria xeral, D.^a Pilar M^a Pastor Novo.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 107 do Regulamento Orgánico Municipal (BOP núm. 162 do 16-07-2004) para a válida celebración das sesións, declara aberta a sesión, pasándose ao estudio e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

C.I.F. P-1503100-H

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA O DÍA 26 DE AGOSTO DE 2019.

De conformidade co preceptuado no artigo 79.1 e 107.4 do ROM, (BOP núm. 162 do 16-07-2004) a Presidencia pregunta se existe algunha obxección ou observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día vinte e seis de agosto de dous mil dezanove, da que se entregou copia do borrador coa convocatoria desta sesión, e non producíndose ningunha, pola Presidencia sométese a votación ordinaria a súa aprobación, sendo aprobada por cinco votos a favor (da Sra. alcaldesa en funcións, Pombo Carril, e dos/as Sres./as concelleiros/as Taibo Monelos, Iglesias Lovelle, Liñares Gestal e Méndez Sánchez) e coa abstención da Sra. concelleira, Figueroa Fuentes, a cal manifesta que se abstén por non ter asistido á sesión á que se refire a acta.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a acta da sesión ordinaria realizada o día 26 de agosto de 2019.

2.- DACIÓNS DE CONTA.

2.1.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS. PUBLICACIÓNS OFICIAIS.

A Presidencia dá conta aos asistentes á Xunta de Goberno Local das seguintes publicacións:

- Resolución do 13 de agosto de 2019, da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza -Dirección Xeral de Emerxencias e Interior-, pola que se resolve a adjudicación, en réxime de concorrencia competitiva, de equipamentos de emerxencias a concellos de menos de 50.000 habitantes, mancomunidades ou agrupacións de concellos galegos, cofinanciados polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do programa operativo Feder-Galicia 2014-2020. DOG núm. 162 do 28-08-2019.

Código do documento	Código do expediente
USG13100XY	USG/2019/160
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
2Z6Q 3368 4S38 0O6Q 0OIP	

- Anuncio do 21 de agosto de 2019, do Concello de Culleredo, relativo á delegación no concelleiro D. Diego Antonio Taibo Monelos do exercicio da competencia para a celebración do matrimonio civil entre Z.M.T. e J.S.F.P. o día 24-08-2019 ás 12.00 horas. BOP núm. 161 do 27-08-2019.
- Anuncio do 21 de agosto de 2019, do Concello de Culleredo, relativo á delegación no concelleiro D. Diego Antonio Taibo Monelos do exercicio da competencia para a celebración do matrimonio civil entre C.F.M. e M.V.G. o día 24-08-2019 ás 19.00 horas. BOP núm. 161 do 27-08-2019.
- Anuncio do 27 de agosto de 2019, do Concello de Culleredo, relativo á delegación na concelleira D.^a María Guadalupe Pombo Carril do exercicio da competencia para a celebración do matrimonio civil entre M.J.S.G. e M.M.R.V. o día 30-08-2019 ás 10.30 horas. BOP núm. 165 do 02-09-2019.
- Anuncio do 27 de agosto de 2019, do Concello de Culleredo, relativo á delegación na concelleira D.^a María Guadalupe Pombo Carril do exercicio da competencia para a celebración do matrimonio civil entre E.O.S. e M.I.D. o día 30-08-2019 ás 15.30 horas. BOP núm. 165 do 02-09-2019.
- Anuncio do 27 de agosto de 2019, do Concello de Culleredo, relativo á delegación na concelleira D.^a Susana Amor Fernández do exercicio da competencia para a celebración do matrimonio civil entre T.M.V.R. e J.L.E.S. o día 31-08-2019 ás 13.00 horas. BOP núm. 165 do 02-09-2019.

2.2.- RESOLUCIÓNS E ACTIVIDADES DA ALCALDÍA E DAS DISTINTAS CONCELLERÍAS DELEGADAS.

2.2.1.- O Sr. Taibo Monelos dá conta á Xunta de Goberno Local das seguintes resolucions e comunicacions previas da Concellería delegada da Área de Urbanismo:

"RESOLUCIÓNS DO 31.07.2019.

Resolución núm. 1151.- Requirir a D. M.S.S.P., para que no prazo de tres meses presente a solicitude da oportuna licenza ou comunicacion previa correspondente para a legalización das obras de construción dun galpón apegado ao linde posterior da parcela de 20 m² e cunha altura de 1,75 m e un pequeno estanque, obras que se executaron na parcela coa referencia catastral 8486602NH4888N0001AK situada no lugar de Celas, sen contar co título habilitante exixible.

No caso de incumprimento do disposto no punto anterior, se a licenza se denegara ou no caso de que non se cumpran os requisitos legais para a comunicacion previa, acordarase a demolición das obras á custa do interesado.

Resolución núm. 1153.-Primeiro ordenando a paralización inmediata das obras consistentes na renovación dun rocho, un galiñeiro e a construción dunha estrutura de ladrillo de 1 x 6 metros, cunha altura aproximada de 4 metros, na parcela coa referencia catastral 15031A007003450000OM situada no lugar de Carcabelos, que se están a executar sen o título habilitante exixible, adoptándose no caso de desobediencia as medidas necesarias para garantir a súa total interrupción. A estes efectos ordénase a retirada dos materiais preparados para ser utilizados na obra e a maquinaria afecta a ela, procedéndose no caso contrario ao seu recinto polo Concello sen prexuízo da adopción doutras medidas de acordo co disposto na lei citada anteriormente.

Segundo.- Incoando un expediente de reposición da legalidade derivado da execución das obras consistentes na renovación dun rocho, un galiñeiro e a construción dunha estrutura de ladrillo de 1 x 6 metros, cunha altura aproximada de 4 metros, na parcela coa referencia catastral 15031A007003450000OM situada no lugar de Carcabelos, que se están a executar sen o título habilitante exixible

Terceiro.- Dar audiencia no expediente á interesada que disporá dun prazo de 15 días hábiles, que contan desde o seguinte ao que reciba a notificación da presente Resolución, para que formule as alegacións e achegue os documentos e as xustificacións que considere pertinentes.

Cuarto.- Comunicar á interesada que o procedemento que se incoa se deberá resolver no prazo dun ano que conta dende a data da súa incoación, segundo o que dispón o artigo 21.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e que unha vez que transcorra ese prazo sen

2 de 8

Código do documento	Código do expediente
USG13100XY	USG/2019/160
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
2Z6Q 3368 4S38 0O6Q 0OIP	

resolver se producirá a caducidade do procedemento, segundo o que dispón o artigo 152.5 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do solo de Galicia e o artigo 25.1 da Lei 39/2015.

Resolución núm. 1154.- Primeiro.- Ordenando a Servicios De Catering Del Temple, S.L., inmediata paralización da actividade de salón de banquetes e eventos que se está a realizar na parcela coa referencia catastral 15031A021005680000OT, situada na rúa San Fernando número 10 da parroquia de Culleredo. A suspensión poderá conlevar, no seu caso, as medidas necesarias para garantir a total interrupción da actividade.

Segundo.- Dar conta á Axencia de Protección da Legalidade Urbanística.

Terceiro.- Dar conta á Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura e Turismo.

RESOLUCIÓNS DO 05.08.2019

Resolución núm. 1176.- Concedendo a D.M.R.R., licenza municipal de obras para a elevación do muro posterior de peche de parcela na rúa Pintor Laxeiro, parroquia de Rutis (exp. UAU/2019/202)

RESOLUCIÓN DO 07.08.2019

Resolución núm 1207.- Primeiro.- Ordenando a paralización inmediata das obras consistentes na rehabilitación da vivenda, reconstrución e ampliación dos anexos existentes e construción dun peche, na parcela coa referencia catastral 4698106NH4849N situada no lugar de Boedo da parroquia de Veiga, obras que se están a executar sen contar co título habilitante exixible e sen se axustar ás condicións sinaladas neles, adoptándose no caso de desobediencia as medidas necesarias para garantir a súa total interrupción. A estes efectos ordénase a retirada dos materiais preparados para ser utilizados na obra e a maquinaria afecta a ela, procedéndose no caso contrario ao seu recinto polo Concello sen prexuízo da adopción doutras medidas de acordo co disposto na lei citada anteriormente.

Segundo.- Incoando un expediente de reposición da legalidade a D. J.A.M., derivado da execución das obras de rehabilitación da vivenda, reconstrución e ampliación dos anexos existentes e construción dun peche, na parcela coa referencia catastral 4698106NH4849N situada no lugar de Boedo da parroquia de Veiga, obras que se están a executar sen contar co título habilitante exixible e sen se axustar ás condicións sinaladas neles

Terceiro.- Dando audiencia no expediente ao interesado que disporá dun prazo de 15 días hábiles, que contan desde o seguinte ao que reciba a notificación da presente Resolución, para que formule as alegacións e achegue os documentos e as xustificacións que considere pertinentes.

Cuarto.- Comunicando ao interesado que o procedemento que se incoa se deberá resolver no prazo dun ano que conta dende a data da súa incoación, segundo o que dispón o artigo 21.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e que unha vez que transcorra ese prazo sen resolver se producirá a caducidade do procedemento, segundo o que dispón o artigo 152.5 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do solo de Galicia e o artigo 25.1 da Lei 39/2015.(exp. UAU/2019/429)

Resolución núm 1208.- Primeiro.- Incoando o oportuno procedemento para ordenar, no seu caso, a execución das seguintes obras:

- Retirada das pezas que conforman o balcón que se deberían gardar nalgún depósito baixo control.
- Eliminación dos recubrimentos inferiores do balcón (do saínte).
- Tapiado dos ocos do inmovible.
- Retirar os elementos voados ou soltos da fachada.
- Retirar a cheminea e cubrición do seu oco para diminuír a entrada de auga.
- Colocar unha rede de protección para evitar a posible caída de cascotes ao viario público.

Código do documento	Código do expediente
USG13100XY	USG/2019/160
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
2Z6Q 3368 4S38 006Q 00IP	

Obras a executar no inmovible situado na avenida Miguel González Garcés, parroquia de Rutis (referencia catastral do inmovible 0074240NH5907S0001BJ), que se autorizaron na Resolución que emitiu o 16.10.2018 a directora xeral do Patrimonio Cultural da consellería de Cultura e Turismo.

Segundo.- Dando audiencia a Anjoca S.L. por un prazo de 10 días hábiles que contan desde o seguinte a aquel no que reciba a notificación da presente resolución a fin de que poidan consultar o expediente e formular as alegacións que consideren convenientes na defensa dos seus dereitos e intereses.

A presente resolución polo seu carácter de acto de trámite non é susceptible de recurso algún.(exp. UAU/2016/704)

RESOLUCIÓNS DO 21.08.2019.

Resolución núm 1284.- Correxindo o erro que se detectou na resolución número 909 do 12.06.2019 no seguinte senso:

Na parte resolutiva, onde di:

“ Cuarto.- Dar audiencia á propietaria do inmovible por un prazo de 15 días hábiles a contar desde o seguinte a aquel no que reciba a notificación da presente resolución a fin de que poida consultar o expediente e formular as alegacións que considere convenientes en defensa dos seus dereitos e intereses.”

Debe dicir:

“Cuarto.- Dar audiencia á propietaria do inmovible por un prazo dun mes a contar desde o seguinte a aquel no que reciba a notificación da presente resolución a fin de que poida consultar o expediente e formular as alegacións que considere convenientes en defensa dos seus dereitos e intereses.”(exp. UAU/2016/418).

Resolución núm 1285.- Requirindo a D^a. E.M.P., para que no prazo de tres meses presente a solicitude da oportuna licenza para a legalización das obras no tellado, cambio de ventás e tabiquería interior, instalación de auga e electricidade, nunha vivenda unifamiliar situada na rúa Barbán da parroquia de Almeiras (referencia catastral do inmovible: 0947803NH5904N0001WR), que se estaban a executar sen contar co título habilitante exixible

No caso de incumprimento do disposto no punto anterior ou se a licenza se denegara acordarase a demolición das obras á custa do interesado.(exp. UAU/2019/92).

RESOLUCIÓNS DO 23.08.2019.

Resolución núm 1308.- Primeiro.- Aceptando o desestimento que formulou Don J.A.A.C., en representación da mercantil INSOJA, S.L. da licenza de obra que se lle concedeu para adecuación interior dun local para rochos na Avda. Fonteculler, parroquia de Rutis, (expediente UAU/2017/523) e solicitou a devolución do importe aboado no concepto de imposto sobre construcións, instalacións e obras.

Segundo.- Dando traslado do presente acordo xunto co expediente ao servizo de Economía e Facenda ao obxecto da tramitación do resto das pretensións deducidas no escrito do interesado de 22 de outubro de 2018.(exp. UAU/2019/47).

Resolución núm 1309.- Primeiro.- Ordenndor á Policía Local que proceda ao precintado da actividade de salón de banquetes e eventos que se está a realizar na parcela coa referencia catastral 15031A021005680000OT, situada na rúa San Fernando, da parroquia de Culleredo, da que é promotora Servicios de Catering del Temple S.L.

Segundo.- Dardo conta á Axencia de Protección da Legalidade Urbanística.(exp. UAU/2019/253)

RESOLUCIÓNS DO 27.08.2019.

Resolución núm 1322.- Ordenando a D^a. M.J.R.L. e D. M.C.C. a execución, no inmovible situado na rúa Miguel González Garcés da parroquia de Rutis (referencia catastral do inmovible 0074238NH5907S), das seguintes obras:

Código do documento	Código do expediente
USG13100XY	USG/2019/160
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
2Z6Q 3368 4S38 006Q 00IP	

a.- Condenado da porta sur da planta baixa, con calqueira medio, tabiquería de ladrillo ou bloque de formigón, que impida o acceso ao edificio. Pódese substituír o condenado das portas, con tabiquería, por unhas reixas metálicas que impidan o acceso.

b.- Substitución dos cristais rotos na planta primeira da fachada Oeste.

c.- Retirada da hedra que trepa polas esquinas da edificación e a cuberta.

d.- Reposición de 2 m² de tella da cuberta da edificación.

e.- Limpeza da parcela y pintura da fachada do inmovible.

Obras a executar que se autorizaron na Resolución que emitiu o 16.10.2018 a directora xeral do Patrimonio Cultural da consellería de Cultura e Turismo.

Para a execución das obras fíxase un prazo dun mes.(exp. UAU/2018/270)

Resolución núm 1323.- Requirindo a Profergo S.L. para que no prazo de tres meses presente a solicitude da oportuna licenza para as obras de movementos de terras na parcela sita no Polígono Industrial de Alvedro (parcela coa referencia catastral 1338515NH5913N0001PF), que se estaban a executar sen contar co título habilitante exixible.

No caso de incumprimento do disposto no punto anterior ou se a licenza se denegara acordarase a demolición das obras á custa do interesado.(exp. UAU/2019/339)

COMUNICACIÓN PREVIA

C.I.F. P-1503100-H

Pola xefa da Sección Técnica de Urbanismo informouse favorablemente en data 6 de agosto de 2019, a comunicación previa presentada por COM. PROP. AVDA. RIBADOS 31-33-35, para reparación deficiencias dun edificio situado na Avda. de ribados 31-33-35, parroquia de O Burgo (exp. UAU/2019/7).

Pola xefa da Sección Técnica de Urbanismo informouse favorablemente en data 6 de agosto de 2019, a comunicación previa presentada por V.L.G., para obras de adecuación funcional interior vivenda situada na Rúa Pablo Iglesias, parroquia de Rutis (exp. UAU/2019/8).

Pola xefa da Sección Técnica de Urbanismo informouse favorablemente en data 6 de agosto de 2019, a comunicación previa presentada por V.M.C., para substitución de verxa peche, situado na Rúa Domingo Catoira, parroquia de Rutis. (exp. UAU/2019/16).

Pola xefa da Sección Técnica de Urbanismo informouse favorablemente en data 7 de agosto de 2019, a comunicación previa presentada por CARPINTERÍA METÁLICA ALUMAN, S.L., para obras de illamento acústico en vivenda unifamiliar situada en Rúa Regueira, 10 parroquia de Almeiras (exp. UAU/2019/17).

Pola xefa da Sección Técnica de Urbanismo informouse favorablemente en data 7 de agosto de 2019, a comunicación previa presentada por CARPINTERÍA METÁLICA ALUMAN, S.L. para obras de illamento acústico en edificación situada en Rúa Rafael Dieste, 7, parroquia de Almeiras (exp. UAU/2019/18).

Pola xefa da Sección Técnica de Urbanismo informouse favorablemente en data 7 de agosto de 2019, a comunicación previa presentada por CARPINTERÍA METÁLICA ALUMAN, S.L. para illamento acústico en vivenda unifamiliar situada en rúa Regueira núm. 12, parroquia de Almeiras (exp. UAU/2019/19).“

2.2.2.- O Sr. Liñares Gestal dá conta á Xunta de Goberno Local das seguintes resolucións do Servizo de Medio ambiente, obras e servizos.

“

Código do documento	Código do expediente
USG13100XY	USG/2019/160
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
 2Z6Q 3368 4S38 0O6Q 0OIP	

C.I.F. P-1503100-H

- Resolución núm. 1119 de data do 24/07/2019, pola que se resolve a execución subsidiaria de limpeza, tala e roza nos terreos situados na referencia catastral 15031A02000506.
- Resolución núm. 1120 de data do 24/07/2019, pola que se resolve a execución subsidiaria de limpeza, tala e roza nos terreos situados na referencia catastral 15031A02000141.
- Resolución núm. 1121 de data do 24/07/2019, pola que se resolve a execución subsidiaria de limpeza, tala e roza nos terreos situados na referencia catastral 15031A02000139.
- Resolución núm. 1134 de data do 29/07/2019, pola que se resolve ordenar á SANATORIO 2000, SL, como propietario, a realización da limpeza, tala e roza nos terreos situados na referencia catastral 15031A01000088.
- Resolución núm. 1135 de data do 29/07/2019, pola que se resolve a execución subsidiaria de limpeza, tala e roza nos terreos situados na referencia catastral 15031A04600295.
- Resolución núm. 1136 de data do 29/07/2019, pola que se resolve a execución subsidiaria de limpeza, tala e roza nos terreos situados na referencia catastral 15031A00710223.
- Resolución núm. 1137 de data do 29/07/2019, pola que se resolve ordenar á M.^a L. P. L., como propietaria, a realización da limpeza, tala e roza nos terreos situados na referencia catastral 15031A04100176.
- Resolución núm. 1138 de data do 29/07/2019, pola que se resolve a execución subsidiaria de limpeza, tala e roza nos terreos situados na referencia catastral 15031A05100041.
- Resolución núm. 1139 de data do 30/07/2019, pola que se resolve a execución subsidiaria de limpeza, tala e roza nos terreos situados na referencia catastral 15031A04700165.
- Resolución núm. 1143 de data do 29/07/2019, pola que se autoriza o uso especial por UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD, SA, dos terreos de dominio público municipal afectados para a canalización da rede de baixa tensión soterrada na R/. Regueiro, da parroquia de Rutis.
- Resolución núm. 1144 de data do 29/07/2019, pola que se resolve a execución subsidiaria de limpeza, tala e roza nos terreos situados na referencia catastral 15031A05900122.
- Resolución núm. 1152 de data do 31/07/2019, pola que se autoriza o uso especial por UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD, SA, dos terreos de dominio público municipal afectados para a canalización da rede de baixa tensión soterrada na Avda. Fonteculler, da parroquia de Rutis.
- Resolución núm. 1159 de data do 31/07/2019, pola que se aproba o proxecto técnico para a obra de "Instalación de céspede artificial y adecuación de perímetro en campo de fútbol 'Os loureiros' de Almeiras", cun presuposto de 317.794,24 €.
- Resolución núm. 1220 de data do 09/08/2019, pola que se aproba o proxecto técnico para a obra de "Recuperación do camiño de Santiago na R/. Choeira e na R/. Catas – Almeiras", cun presuposto de 255.943,53 €.
- Resolución núm. 1245 de data do 13/08/2019, pola que se dá de alta como condutor asalariado da licenza de autotaxi núm. 24, á D. F. J. C. S.
- Resolución núm. 1246 de data do 13/08/2019, pola que se rexistra co número 127 ao animal potencialmente perigoso de raza PitBull Meicano, que ten o número de microchip 941000021344217, propiedade de D.^a E. M. M. R.
- Resolución núm. 1247 de data do 14/08/2019, pola que se aproba o Plan de seguridade e saúde para a realización da obra "Pavimentación en R/. Regueiro".

Código do documento	Código do expediente
USG13100XY	USG/2019/160
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
 2Z6Q 3368 4S38 0O6Q 0OIP	

C.I.F. P-1503100-H

- Resolución núm. 1248 de data do 14/08/2019, pola que se aproba o Plan de seguridade e saúde para a realización da obra "Reforma para el ahorro energético en alumbrados públicos de la urbanización Aguas Mansas".
- Resolución núm. 1249 de data do 14/08/2019, pola que se aproba o Plan de seguridade e saúde para a realización da obra "Renovación de camiños e viarios municipais".
- Resolución núm. 1250 de data do 14/08/2019, pola que se require a D.ª E. F. R. M. para que no prazo dun mes retire o vehículo estacionado indefinidamente na R/. Fernando Pérez de Traba, marca VOLVO, modelo S70, matrícula PO-6039-BG.
- Resolución núm. 1251 de data do 14/08/2019, pola que se require a D. MD S. A.. para que no prazo dun mes retire o vehículo estacionado indefinidamente nunha pista sen saída anexa á avenida da Coruña, no Burgo, marca Peugeot, modelo Speedfight, matrícula C8940BNS.
- Resolución núm. 1290 de data do 22/08/2019, pola que se resolve ordenar á P. C. P., como propietario, a realización da limpeza, tala e roza nos terreos situados na referencia catastral 15031A03700115.
- Resolución núm. 1291 de data do 22/08/2019, pola que se resolve a execución subsidiaria de limpeza, tala e roza nos terreos situados na referencia catastral 6596807NH4869N.
- Resolución núm. 1292 de data do 22/08/2019, pola que se resolve a execución subsidiaria de limpeza, tala e roza nos terreos situados na referencia catastral 15031A03500172.
- Resolución núm. 1293 de data do 22/08/2019, pola que se resolve a execución subsidiaria de limpeza, tala e roza nos terreos situados na referencia catastral 15031A02600023.
- Resolución núm. 1294 de data do 22/08/2019, pola que se resolve ordenar á M. C. M. D., como propietario, a realización da limpeza, tala e roza nos terreos situados na referencia catastral 0608703NH5900N.
- Resolución núm. 1295 de data do 22/08/2019, pola que se resolve ordenar á J. M. B. M. R., CB., como propietario, a realización da limpeza, tala e roza nos terreos situados na referencia catastral 15031A03600508.
- Resolución núm. 1296 de data do 22/08/2019, pola que se resolve a execución subsidiaria de limpeza, tala e roza nos terreos situados na referencia catastral 15031A03600490.
- Resolución núm. 1297 de data do 23/08/2019, pola que se resolve ordenar á S. G. R. e R. M. P., como propietarios, a realización da limpeza, tala e roza nos terreos situados na referencia catastral 15031A01800024.
- Resolución núm. 1298 de data do 23/08/2019, pola que se resolve ordenar á M. R. A., como propietaria, a realización da limpeza, tala e roza nos terreos situados na referencia catastral 15031A06900452.
- Resolución núm. 1299 de data do 23/08/2019, pola que se resolve a execución subsidiaria de limpeza, tala e roza nos terreos situados na referencia catastral 15031A05800016.
- Resolución núm. 1300 de data do 23/08/2019, pola que se resolve a execución subsidiaria de limpeza, tala e roza nos terreos situados na referencia catastral 1957805NH5915N.
- Resolución núm. 1301 de data do 23/08/2019, pola que se autoriza o uso especial por UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD, SA, dos terreos de dominio público municipal afectados para a canalización de RBTS no polígono 41, parcela 556, no lugar de Fornos – Sueiro.

Código do documento	Código do expediente
USG13100XY	USG/2019/160
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
2Z6Q 3368 4S38 0O6Q 0OIP	

- Resolución núm. 1302 de data do 22/08/2019, pola que se concede o permiso de vertedura ao sistema público de saneamento á actividade de construción de edificios residenciais e construción de edificios non residenciais, situada na R/. B, núm. 12 – parque empresarial de Alvedro, á TRIUM ASCENSORES, SL.
- Resolución núm. 1303 de data do 22/08/2019, pola que se concede a licenza municipal núm. 141 para a posesión de animais potencialmente perigosos, á D.ª S. M. C. T.
- Resolución núm. 1310 de data do 26/08/2019, pola que se modifica a resolución número 1220/2019 de data do 09/08/2019 na parte orzamentaria.
- Resolución núm. 1315 de data do 26/08/2019, pola que se concede o permiso de vertedura ao sistema público de saneamento á actividade de servizos técnicos de enxeñería e outras actividades relacionadas co asesoramento técnico, situada na R/. Anxo Senra Fernández, núm. 25, oficinas 1º, local 3, parroquia do Burgo, á *Técnica y proyectos, SA*.
- Resolución núm. 1316 de data do 26/08/2019, pola que se concede o permiso de vertedura ao sistema público de saneamento á actividade de fabricación doutro material e equipo eléctrico nunha nave situada na R/. E, nave E16, polígono industrial de Alvedro, parroquia de Almeiras, á FASTFILL, SL.
- *Resolución núm. 1317 de data do 26/08/2019, pola que se concede o permiso de vertedura ao sistema público de saneamento á actividade de comercio en groso de madeira, materiais de construción e aparatos sanitarios, situada na R/. B, nave 3, parque empresarial de Alvedro, á GLASSMON GALICIA, SL.*
- Resolución núm. 1318 de data do 26/08/2019, pola que se outorga a licenza municipal núm. 142 para a posesión de animais potencialmente perigosos á D.ª S. Z. S. L.
- Resolución núm. 1319 de data do 26/08/2019, pola que se outorga a licenza municipal núm. 143 para a posesión de animais potencialmente perigosos á D. J. V. R. C.
- Resolución núm. 1320 de data do 26/08/2019, pola que se require a D.ª M. F. K. V. a retirada do vehículo abandonado na R/. Ángel del Castillo (Rutis), marca Hyundai, modelo Atos, con matrícula 4750DRM.

C.I.F. P-1503100-H

3.- ASUNTOS SOBREVIDOS.

Non se somete ningún asunto neste punto da orde do día.

4.- ROGOS E PREGUNTAS.

Non se formulan.

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as catorce horas e quince minutos do mencionado día, estendéndose para a debida constancia a presente acta do que eu, secretaria xeral, dou fe.

Visto e praxe
A alcaldesa en funcións
(Asinado dixitalmente)

(Asinado dixitalmente)

(Asinado dixitalmente nesta data pola concelleira delegada de Política social, mocidade e promoción do deporte, que actuou como Presidenta nesta acta en calidade de alcaldesa en funcións pola resolución referenciada no encabezamento).